

Informe Proposta

No BOP número 115 de data 20/06/17 se publicaron as Bases reguladoras da concesión de Axudas á escolarización para o curso 2017-2018 así como as Bases reguladoras das Becas de comedor Escolar para o curso 2017-2018.

No artigo 7 "tramitación e resolución das solicitudes" apartado 3) se recolle que unha vez publicadas establécese un prazo de 10 días naturais para presentar reclamacións sobre as resolucións efectuadas.

No departamento de servizos sociais se produciron incidencias que afectan ás persoas solicitantes con solicitudes provisionalmente denegadas que tiveron dificultades para efectuar as reclamacións ás listaxes provisionais.

De acordo co artigo 32 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas a Administración poderá conceder de oficio unha ampliación dos prazos establecidos que non exceda da metade dos mesmos.

Polo exposto e para evitar un perxuízo ás persoas solicitantes de Axudas á escolarización e Becas de comedor escolar se propón o seguinte:

1- Ampliar en 5 días o prazo para a presentación de reclamacións sobre as resolucións efectuadas ás listaxes de concesión de axudas económicas para Axudas á escolarización curso 2017-2018 así como Becas de comedor Escolar para o curso 2017-2018.

Ferrol, 11 de agosto de 2017

A funcionaria



Asdo.: Julia Lourido López

DECRETO: Vista a proposta precedente apróboas nos seus propios termos, no Concello de Ferrol a día

11 AGO. 2017

A concelleira de Mocidade, Benestar Social,
Igualdade e Muller

Diante miña
O secretario xeral

Asdo.: Sainza Ruiz Ferreiro

